

Retos na posta en valor do patrimonio natural e cultural nas vilas termiais da provincia de Ourense

D. Casado-Neira e M. López-Viso

*Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.
Campus de Ourense. Universidade de Vigo*

dcneira@uvigo.es; mviso@uvigo.es

F. Braña Rey e M. Dapía Conde

*Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa. Campus de Ourense.
Universidade de Vigo*

fatimab@uvigo.es; ddapia@uvigo.es

Resumo

Na provincia de Ourense hai catro concellos (Ourense, Bande, Cenlle e Lobios) que ofrecen a posibilidade de acceder a recursos termiais de forma pública, é dicir, gratuíta e de acceso libre. Son as denominadas pozas ou charcas. Estas puxéronse en funcionamento como unha forma de permitir o acceso da poboación xeral aos recursos termiais que se atopan no seu territorio. Dous contan con explotacións termiais de tipo balneario privado. Os recursos termiais de acceso libre dos concellos deu lugar a unha nova forma de gozo dos recursos acuíferos de tipo recreativo que supón un atractivo non só para a veciñanza, senón que se converteron nun atractivo turístico cara a visitantes e turistas, ademais de estar a xerar unha cultura termal específica para explotar desde os concellos. O desenvolvemento de infraestruturas e formas de xestión que posibilitan o uso aberto dun recurso de dominio público hidráulico por parte dos concellos está limitado polo modelo de xestión posible. Unha demanda que manifestan os alcaldes e alcaldesa dos concellos de Bande, Cenlle e Lobios é a posibilidade de utilizar os recursos patrimoniais (naturais –recursos paisaxísticos e rutas a pé– e culturais –materiais e

inmateriais-) para atraer máis visitantes ás pozas e, á inversa, que quen visite as pozas amplíe a súa estada creando unha sinerxía que lles dea un valor engadido ás posibilidades de desenvolvemento turístico dos devanditos concellos. Esta investigación ten como obxectivo analizar cales son os recursos dispoñibles e como están a ser postos en valor e como están a ser utilizados, dados a coñecer e publicitados a visitantes, co gallo de ofrecer posibilidades de pór en práctica para a promoción turística local nestes tres concellos.

Palabras clave

Termalismo, patrimonio e turismo.

1. Introducción

En toda Galicia hai catro municipios nos cales hai un aproveitamento de abrollos termais por parte dos concellos. Este faise baixo un modelo de acceso aberto (uso público sen ningún tipo de custo): Bande, Cenlle, Lobios e Ourense. Dende finais do século XX fóronse habilitando áreas de recreo termal baixo un mesmo modelo de posta en valor, patrón de uso e incluso forma de acondicionamento e construtiva. Responden a unha mesma lóxica na que se lle facilita á poboación en xeral a posibilidade de acceder ás augas termais dun xeito doado aproveitando os recursos acuíferos. Xa previamente había formas de uso desas augas dunha maneira moi rudimentaria, a través de bañeiras autoconstruídas con pedras e barro no leito dos acuíferos, e mais do uso directo da auga. Trátase dun «termalismo orixinal ou primitivo» (no sentido básico) que responde a un uso popular da auga termal sen prescrición, autoadministrada, e en moitos casos orientadas por crenzas de tipo máxico e prácticas paracientíficas [1, 2, 3].

Dende hai uns anos estes concellos, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e mais a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, foron xerando unha infraestrutura que facilita o acceso e o uso, o que converteu as «pozas» (na súa denominación común) nun recurso destinado a un público máis amplo cun carácter de tipo lúdico-recreativo. Estas adecuacións nacen –inicialmente destinados á veciñanza da propia zona– do desenvolvemento de balnearios privados nas inmediacións e que foron tornando nun atractivo para máis visitantes; teñen agora a intencionalidade de chegar a ser un recurso turístico de máis alcance. Isto lévanos a falar dun «termalismo posibilista». O proceso posto en funcionamento foi xerando a posibilidade de situar estes concellos como zo-

nas turísticas máis alá da oferta dos balnearios e dos *spas* privados, o que orixinou un maior fluxo de público e un tipo de persoas usuarias diferente: familias con rapazada, visitantes concretos, autocaravanistas e xente máis nova, nun modelo a medio camiño entre a área recreativa e o servizo termal [4, 5].

En tres destes concellos (Bande, Cenlle e Lobios) estas áreas termais gratuítas supoñen un eixe fundamental sobre o que organizar unha nova actividade económica ligada ao turismo –no caso de Ourense, tanto a oferta turística coma cultural, así como o tecido económico é maior e máis diverso. Para alumar as claves do futuro do uso deste recurso desde a perspectiva da actuación pública coñecéronse as opinións, plans e proxectos dos equipos de goberno municipais. En todos os casos amósase un interese en ampliar a oferta para visitantes ligándoa aos recursos do patrimonio natural e cultural dos concellos [6].

Como se pode constatar, a poboación destes concellos está definida por altos índices de envellecemento (de máis do 600 %) e de idades medias que superan os 50 anos (táboa 1), así como por unha proxección demográfica negativa para as comarcas do Ribeiro (na que se inclúe Cenlle) e da Baixa Limia (Bande e Lobios) en diferente proporción (gráfica 1). Con respecto á situación económica, o PIB por habitante/ano sitúase nunha franxa entre 11800 e 16000 €: para o conxunto da comunidade autónoma de Galicia 21727 € e para a provincia de Ourense 19521 € (ano 2016) [7].

Concello	Habitantes	Idade media	Porcentaxe de poboación de 65 anos e máis	Índice de envellecemento	PIB € por habitante
Bande	1618	59,47	47,83	857,12	12815
Cenlle	1176	56,56	39,84	657,17	11812
Lobios	1795	55,80	39,57	629,15	16001
Ourense	105 636	46,32	24,64	144,50	20563

Táboa 1. Indicadores demográficos (2017) e económicos (2016). Fonte: IGE [7]

As oportunidades que ofrece a industria turística poderían ser unha opción para dinamizar ou, polo menos, estabilizar a situación das correspondentes zonas. É nos termos municipais de índole rural nos cales centraremos a nosa análise para estudar como está a ser posto en valor e en que situación se atopan os recursos patrimoniais,

como se conciben desde a perspectiva de axentes implicados nos servizos turísticos dos diferentes concellos e o seu impacto actual e futuro, e como se entende a práctica termal pública ligada aos outros recursos dispoñibles.




Gráfico 1. Proxección da evolución da poboación para 2016-2031 sobre un índice de 100. Fonte: IGE [7], elaboración propia

Os tres concellos presentan unha serie de recursos a maiores das augas que permitirían algún tipo de oferta turística de interese. A maneira de combinar o elemento auga con outros atractivos preséntase como un camiño para despexar máis alá da simple suma de recursos que poidan ser de interese de forma illada. Por iso é fundamental saber con cales se conta, como están a ser postos actualmente en valor e que posibilidades de mellora hai. Esta investigación ten como obxectivo analizar cales son os recursos dispoñibles e como están a ser postos en valor e utilizados, dados a coñecer pola publicidade a visitantes, co gallo de ofrecer posibilidades de pór en práctica para a promoción turística local.

Pasaremos a tratar os seguintes aspectos: a situación xurídico-legal e as políticas da auga, a activación do patrimonio cultural, a activación do patrimonio natural, a presenza e a accesibilidade en internet.¹

¹ Todos os datos foron revisados ata decembro de 2018.

2. A situación xurídico-legal e as políticas da auga

Galicia é unha das comunidades autónomas do territorio español máis ricas en augas mineromedicinais, tanto en cantidade coma en diversidade de tipos. Ourense ten un gran número de mananciais termais, utilizados en varios balnearios e plantas envasadoras, e ademais moi boas posibilidades de aproveitamentos doutros, que agora só teñen uso tradicional [8].

Entendemos por vila termal o municipio que conta cun establecemento balneario, con distintas modalidades de tratamentos, diversa oferta de aloxamento e actividades complementarias naturais ou culturais. Estes municipios deben dispoñer dos mecanismos de plan adecuados para protexer o seu patrimonio balneario e orientar o seu desenvolvemento á posta en valor do recurso termal, a través dun modelo de turismo sustentable. En agosto de 2014 existían 83 vilas termais en España [9].

Os balnearios foron unha peza chave para o desenvolvemento social e económico, centrado principalmente en zonas rurais. No sector do turismo termal actual, inmerso nun escenario de constante cambio e evolución, as tecnoloxías da información e comunicación son relevantes para optimizar e mellorar a xestión e a comercialización da actividade turística [10].

Termas e estacións termais son outra forma de denominar os balnearios. A exclusividade desta denominación está recoñecida legalmente, e así a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia dispón que «unicamente as empresas e establecementos que, estando autorizados como establecementos sanitarios, cumprisen as condicións legalmente esixidas para exercer o dereito de aproveitamento das augas mineromedicinais ou termais de Galicia poderán empregar na súa denominación e oferta de servizos as palabras “balneario”, “termas” e os seus derivados» (art. 60).

Galicia conta cunhas 300 captacións de augas termais dispersas por todo o territorio galego, con 21 balnearios con máis de 3000 prazas hoteleiras, con múltiples mananciais, pozas e casas de baños. É a comunidade líder no conxunto do Estado en canto á oferta mineromedicinal, con máis do 20 % dos establecementos balnearios e tamén é a comunidade con maior número de distintivos de calidade nos establecementos termais [11].

No ano 1995 aprobouse a Lei 5/1995 de regulación das augas termais, de manancial e dos establecementos balnearios da comunidade autónoma de Galicia, así como o Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de apro-

veitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da comunidade autónoma de Galicia. O establecemento pioneiro neste proceso foi o balneario de Mondariz (Pontevedra), sen dúbida o máis importante pola súa traxectoria histórica. Tamén aparecen outras iniciativas que son as que realmente van marcar o renacer do termalismo. Como o balneario de Arnoia (Ourense), de nova concepción e que será o buque insignia que colocará a Ourense, unha provincia de escasa tradición turística, en posición de liderado termal en España [12].

No ano 2012 ponse en funcionamento o Plan Ourense 92 de xestión e estratexia operativa 2012-2015. Este plan da Deputación de Ourense contén os programas e os proxectos que a institución provincial vai iniciar no período 2012-2015 nos ámbitos organizativo, de xestión, cooperación, servizos, obras e infraestruturas, baseado na cooperación e na unión intermunicipal de servizos. Neste contexto prográmase unha asignación de trece competencias entre as que figura o termalismo. Doutra banda, anúnciase unha redefinición do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde) onde o termalismo xunto coa lousa son definidos como sectores estratéxicos [11]. O 15 de decembro de 2014 constitúese o consello termal ourensán, coa participación de todas as administracións, desde a local ata a estatal, ademais das universidades e das empresas. A súa misión será organizar todas as previsións do plan termal. O consello termal o que pretende desde a súa primeira reunión é que todos e todas interioricen o termalismo como unha aposta de futuro. Un ano máis tarde, a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense asinan un acordo para executar o Plan termal para impulsar o termalismo na provincia de Ourense.

A folla de ruta que se seguirá na provincia de Ourense recóllese no denominado Plan Ourense, a provincia termal 2014-2020. Promovido pola Xunta e a Deputación provincial establece obxectivos concretos e prevé un investimento de 94 millóns de euros entre 2014 e 2020. O 60 % do financiamento procederá de fondos públicos, incluídos recursos da Unión Europea. O plan recolle cen propostas que xiran ao redor de cinco eixes de actuación: mellorar a organización dos recursos termais, as infraestruturas para acceder a este destino, o deseño de novos produtos, impulsar o coñecemento da riqueza termal desta terra e mellorar os mecanismos para promover este produto tanto no ámbito nacional coma internacional. O obxectivo do plan é poñer en valor turístico os recursos termais, naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta e os servizos de tal modo que conduzan á creación do destino: Ourense, a provincia ter-

mal. Na nova estratexia comunitaria 2020 a Deputación presenta catro proxectos chave: Ourense competitividade, Ourense provincia intelixente, a Axencia da enerxía e do medio ambiente e Ourense termal.

Seis dos principais balnearios da provincia volven poñer as súas instalacións e a oferta termal ao servizo dos e das visitantes de dentro e fóra da provincia, no Programa de termalismo social 2016, posto en funcionamento pola Deputación e os establecementos do Grupo Caldaria –Laias, Lobios e Arnoia–, Cortegada, O Carballiño e Baños de Molgas. Outro importante proxecto é Raia termal, que implica a provincia de Ourense e o norte de Portugal, proxecto co que ambos os territorios pretenden crear, potenciando as súas sinerxías, un único destino turístico baseado no termalismo e na natureza.

3. A activación do patrimonio cultural

Como se viu noutros traballos, o patrimonio cultural é un dos elementos que forman parte da experiencia termal para unha parte das persoas usuarias (20,3 %)[6]. Así pois, é preciso coñecer que opcións teñen as persoas que usan os recursos termais e queren tamén gozar do patrimonio cultural na área dos espazos termais. Este apartado achega os datos para entender ata que punto os bens patrimoniais son recursos turísticos que forman parte do destino termal.

Para isto é preciso distinguir entre recurso turístico e patrimonio cultural. Nós traballamos coa distinción que indica un recurso turístico como un punto de diferente índole, orientado á atracción e ao gozo de persoas que o van visitar. Estas poden ser turistas ou visitantes que non pasan a noite fóra do seu domicilio. Pola contra, o patrimonio cultural ten unha vontade de permanencia. O patrimonio cultural, os bens sinalados con tal distinción, debe necesariamente estar suxeito á lóxica das tres accións básicas: a conservación, a investigación (inclúense inventarios e catálogos) e a difusión (inclúe tamén as accións de interpretación).

O primeiro paso foi seleccionar os bens que eran máis salientables en cada concello. Só un dos concellos tiña bens de interese cultural (en diante, BIC), polo que nos outros dous concellos realizamos unha selección *ad hoc*. A procura dos puntos de interese patrimonial máis salientables dos concellos realizouse a través da combinación de tres fontes: bases de datos, material de difusión e entrevistas. As tarefas realizadas para completar os obxectivos leváronnos a facer un percorrido entre a información directa, as fontes indirectas, traballo de campo e documentación. Neste sentido, a metodoloxía

desenvolvida está en sintonía co método etnográfico de recollida de información e triangulación dos datos.

Incluímos na táboa 2 as distintas fontes que utilizamos para localizar bens patrimoniais salientables e con posible uso turístico. Tras a súa denominación como ben indícase se é BIC; se está catalogado; se ten a consideración de patrimonio provincial; os medios de difusión usados polos concellos (folletos, webs e aplicacións); e unha última columna utilízámola para engadir se os bens poden ser localizados a través de sinais e carteleiras que nos leve a eles desde as estradas ou puntos salientables.

Ben	BIC	Catalogado	Patrimonio provincial	Folletos	Web	Apps	Sinais
BANDE							
Aquis Querquennis	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Centro de interpretación	Non	Si	Non	Si	Si	Non	Si
Igrexa parroquial de San Pedro	Non	Si	Si	Si	Si	Non	Si
Igrexa de San Trocado	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Vía Nova	Non	Si	Non	Si	Si	Non	Si
Conxunto da igrexa e carballos centenarios	Non	Si	Si	Si	Si	Non	Non
CENLLE							
Igrexa de Santa Baia de Laias	Non	Si	Si	Si	Si	Non	Si
A Cova da Moura	Non	Si	Non	Si	Si	Non	Non
Pazo de Riobó	Non	Si	Si	Non	Non	Non	Non
Igrexa e conxunto de Cenlle	Non	Si	Si	Non	Non	Non	Non
LOBIOS							
A Cela. Núcleo singular Os Bolos	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Si
Aquis Originis	Non	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Vía Nova (tramos restaurados)	Non	Si	Non	Si	Si	Si	Si
Museo Numismático	Non	Non	Non	Si	Si	Non	Non
Puxedo. Igrexa e conxunto etnográfico	Non	Si	Si	Si	Non	Non	Non

Táboa 2. Localización dos bens en diferentes bases e listaxes patrimoniais dos concellos

Na táboa 3 indícase o nome do ben e a localización. Na seguinte columna conséntase se hai sinalización específica e acceso; refírese a poder achegarse con certa comodidade e en vehículo privado a unha zona próxima e sinalizada. Conservación implica que o estado xeral é axeitado. A difusión refírese aos folletos, carteis, web e outras formas de difusión. A interpretación implica a información sobre o ben que se proporciona *in situ*.

Ben	Localizac.	Sinaléctica	Acceso	Conservac.	Difus.	Interpretac.
BANDE						
Aquis Querquennis	Porto Quintela	Si	Temporal	Si	Si	Si
Centro de interpretación	Porto Quintela	Si	Si	Si	Si	Si
Igrexa parroquial de San Pedro	Bande	Si	Exterior	Si	Escasa	Si
Igrexa de San Trocado	Santa Comba	Si	Con cita	Si	Si	Si
Vía Nova	Asolagada polo encoro	Si	Non	Si	Si	Si
Conxunto da igrexa e carballos centenarios	Bande	Non	Exterior	Si	Escasa	Si
CENLLE						
Igrexa de Santa Baia de Laias	Laias	Non	Exterior	Boa	Si	Si
A Cova da Moura	Laias	Non	Non	Si	Escasa	Non
Pazo de Riobó	Riobó	Non	Non	Non	Non	Si
Igrexa e conxunto de Cenlle	Cenlle	Non	Exterior	Si	Non	Si
LOBIOS						
Igrexa e conxunto etnográfico	Puxedo	Non	Exterior	Si	Non	Algúns elementos
A Cela. Núcleo singular Os Bolos	A Cela. Santa María	Si	Si	Si	Si	Si
Aquis Originis	Baños do Río caldo	Si	Si	Si	Si	Si
Vía Nova tramos restaurados	Baños do Río caldo	Si	Si	Si	Si	Si
Museo Numismático	Fondevila	Non	Con cita	Si	Si	Non

Táboa 3. Estado dos bens patrimoniais en relación coas accións básicas

Finalizamos este apartado dos resultados (gráfico 2), que nos dá unha idea das tendencias no tratamento ou na xestión do patrimonio cultural nos tres concellos. Resulta que hai máis preocupación pola sinalización ca pola accesibilidade aos bens. Tamén se aprecia que os bens están maiormente conservados sen que pareza que periga a súa integridade. Finalmente volvemos ter unha característica cando menos curiosa cando comparamos a difusión coa interpretación. As accións interpretativas que axudan a valorar o ben no seu contexto e no momento en que se visitan son case máis ca a difusión feita para que as persoas poidamos visitar estes bens.




Gráfico 2. Xestión dos bens patrimoniais

4. A activación do patrimonio natural

Calquera dos tres concellos en cuestión presenta unhas características de interese natural (oroográfico, xeolóxico, faunístico e botánico) de indubidable valor e con amplas posibilidades como recurso turístico. Da mesma forma ca calquera outro tipo de patrimonio este ha de ser posto en valor para que resulte atractivo como un recurso autónomo. Os concellos en cuestión están definidos por un espazo altamente humanizado que se manifesta en restos arqueolóxicos (foxos de lobo, pontes, restos romanos, mámoas...), redes de camiños, parcelas de uso agrícola (en uso ou abandonadas) definidas con pechamentos (moitos aínda tradicionais), e zonas gandeiras de monte baixo. O uso do territorio conforma unha paisaxe de media montaña (Bande e Lobios) e de ribeira (Cenlle) que non se pode entender fóra da acción humana, que o fai extremadamente sensible ás pegadas actuais, esa outra acción humana que responde a

diversos intereses. Estamos a falar dun espazo no cal conviven explotacións agrícolas, gandeiras, forestais, actividades cinexéticas entre as máis destacadas que tamén ás veces colidan coas demandas de quen busca un medio para actividades deportivas como bicicleta de montaña (BBT), carreiras de montaña, sendeirismo, montañismo, descenso de canóns ou ecuestres, entre outras.

Independentemente das actividades que se poidan levar a cabo, aquí centrarémolos naquelas para as que hai algún tipo de infraestrutura ou iniciativa específica desde os concellos. Nas visitas e no traballo de documentación levado a cabo no terreo neste sentido hai un tipo de activación común aos tres casos: as rutas de sendeirismo; a maiores en Cenlle atopámonos cun percorrido permanente de orientación deportiva, e en Lobios promóvense rutas de BBT con dotación específica (neste caso non promovidas polo concello, senón polo parque natural, dependente da Xunta de Galicia). Calquera outro tipo de actividade faise de forma esporádica (ben organizada, ben a xeito persoal) aproveitando as vías e os espazos dispoñibles. As rutas a pé supoñen a actividade de maior presenza, debida á adecuación e ao interese do medio para este tipo de actividades, e que permitirían á súa vez unha maior e mellor implantación, mais se consideramos a vantaxe climatolóxica das respectivas zonas polas limitadas precipitacións e temperaturas benignas (fóra do período estival).

A simple consideración ou apreciación de dispor dunha «contorna privilexiada» non é suficiente para dotalo dun valor exclusivo e diferenciador fronte a outros destinos, aquí son fundamentais tanto: (i) a adecuación do acceso; (ii) a oferta de servizos complementarios (p. ex. actividades guiadas); (iii) unha política de información e difusión de interese, e contrastada para quen o visita e ao servizo dos intereses das entidades promotoras; e (iv) mostrar un ben de alto valor estético (onde o paisaxístico ten unha importancia central). Neste sentido aínda que as intervencións sobre o patrimonio natural son numerosas, hai a posibilidade de desenvolver máis, e o que é fundamental, que as que se ofrezan cumpran, canto menos, uns criterios básicos de calidade baseándose nos puntos definidos anteriormente. Atendendo aos aspectos indicados previamente cada concello presenta unha situación específica pero con puntos comúns.

O concello de Bande ofrece información sobre o PRG-33, aínda que o concello tamén está atravesado pola Vía Nova e o camiño de San Rosendo (ambos os camiños naturais patrocinados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) e a ruta Vieiro das Mámoas (do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés), das que non se dá


información a través dos medios do propio concello. Concretamente o PRG 33 de 16,5 km sae do centro de Bande, onde está indicado co oportuno panel. A pesar do seu atractivo, nos quilómetros iniciais presenta graves deficiencias na sinalización, problemas de mantemento e de trazado (desemboca en pistas sen interese paisaxístico e vías asfaltadas), e remata na raia portuguesa na Serra do Leboreiro, sen conexión ningunha (seica se atopa en situación de abandono segundo a comunicación verbal). Neste sentido contrasta co interese e co estado das outras dúas rutas (Vía Nova e camiño de San Rosendo). Non hai oferta de servizos complementarios que engadan posibilidades á ruta a pesar das súas posibilidades. Na información inicial ofrecida cabe destacar os elementos incluídos, todos pertinentes: esbozo da ruta, datos básicos (distancia, tempo...), descrición e indicación do grao de dificultade de acordo co protocolo MIDE.² Ao longo da ruta atopamos paneis de información sobre puntos de interese e outros con información irrelevante para a ruta, pero no trazado da ruta hai moitos puntos nos cales non hai indicacións, o que dificulta seguila sen incidencias. Neste sentido o mantemento é deficiente. Especialmente confuso é o momento no que esta ruta se cruza co Vieiro das Mámoas e non queda claro que indicacións corresponden a que camiño. Como é habitual noutros casos, a ruta en vez de aproveitar o trazado de vías antigas, como camiños reais ou corredoiras, descorre ao longo de largas pistas (no mellor dos casos sen asfaltar) pensadas para o transporte con vehículos; non son adecuadas en traxectos longos como alternativa a un camiño tradicional e réstalles todo o interese, ademais do impacto ambiental e paisaxístico que supoñen. Neste sentido os dous camiños naturais atópanse nun mellor estado de conservación, uso e interese.

No concello de Cenlle atopamos indicadas tres rutas e un circuito permanente de orientación deportiva con catro alternativas (por dificultade e distancia). As rutas son Paseo termal do Miño, Calzada romana e Cova da Moura. Todas parten da área termal de Barbantes, onde se atopan os paneis de información correspondentes. Moi positivo é o feito de que todos son circulares (agás o paseo) e de distancias comprendidas entre os 4,7 e 15 km, co que ofrecen posibilidades para públicos diversos. O acceso inicial é bo e mantense ao longo das rutas, coa creación de pasarelas e pontellas para darlle continuidade á ruta; menos atractivo é o feito de deixar gran parte do percorrido discorrer por pistas forestais de escaso valor e interese (máis cando a franxa entre

2 MIDE é unha metodoloxía estándar para establecer o grao de dificultade das rutas na montaña no ámbito estatal. Foi promovido pola Federación Aragonesa de Montañismo, o Servizo de Protección Civil de Aragón e a Obra social e cultural de Ibercaja. Máis información en: <http://mide.montanasegura.com>.

a estrada N-120 e o río ofrece boas posibilidades e a zona alta do concello polas que non se chega a pasar). Non se ofrecen servizos complementarios cara á realización de actividades, aínda que cabe destacar a organización dunha andaina solidaria e xornadas de orientación deportiva, iniciativas as dúas de grande interese e potenciadoras deses valores. Neste sentido a información ofrecida presenta certas lagoas, aínda que é moi salientable a disposición de información ao inicio da ruta e o marcado posterior do trazado, pero no que hai momentos onde a sinalización non é visible ou está moi deteriorada. Así mesmo, os contidos de moitos paneis ofrecen información moi xenérica e básica sobre puntos de interese. Nalgúns casos atópanse en mal estado de conservación e en determinados momentos hai unha gran confluencia de elementos de sinalización, o que producen un impacto estético negativo, sen supoñer unha vantaxe informativa, onde parece que o obxectivo é poñer moitos paneis e sinais sen pensar no seu uso e utilidade real para visitantes. Sumado aos elementos patrimoniais de interese temos tamén ao longo das rutas puntos de baixo valor paisaxístico (como acontece co trazado da ruta da Cova da Moura próximo á autovía, co impacto visual e auditivo que implica), elementos estragados por intervencións humanas, p. ex. a fonte romana debaixo da autovía do Atlántico ou parte do lousado da calzada romana deteriorado por maquinaria pesada, ou lixo espallado e elementos de feísmo.

Un caso á parte supón o concello de Lobios, xa que o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés ten un papel predominante na oferta de posibilidades para actividades (fundamentalmente rutas a pé –11 entre 1,7 e 49 km– e de BBT –nove en total entre 5,7 e 40,2 km–). E tamén é un exemplo das políticas de información e activación patrimonial, xa que parque e concello non parecen compartir máis ca a xestión dun territorio común, pero que non se aprecia na práctica, xa cando uns e outros non ofrecen información completa sobre as rutas e as actividades do outro, só nunha referencia xeral. A pesar de que tanto o camiño natural de San Rosendo como a Vía Nova atravesan o concello, non atopamos información previa a través do propio concello (só *in situ* a través de paneis). O concello presenta o camiño do Foxo do Lobo de Guende, un destacable foxo de lobo por mor do seu tamaño e iniciativa de restauración que se complementa cunha intervención artística de esculturas de lobos en diferentes actitudes que acompañan o percorrido. Aínda que é fundamentalmente unha ruta para acceder a un punto de interese patrimonial si presenta valor en si mesma, xa que nos permite entrar nunha zona da serra de alto interese (patrimonial, paisaxístico, faunístico e



Imaxes 1, 2, 3. Tres exemplos de actuacións acertadas: Cenlle (esquerda), pontella para darlle continuidade á ruta. Lobios (dereita superior), intervención artística con lobos. Bande (der. inf.), panel informativo ao inicio da ruta. Fotografías: David Casado-Neira (licenza: CC BY-NC-SA)

botánico). Unha intervención completa na cal o sistema de sinalización é correcto e está ben implementado (agás co feito de que no panel informativo xeral non hai indicacións sobre a dificultade da ruta), pero no que con excepción deste panel e o que está presente no centro da vila non está dispoñible doutro xeito. Un elemento negativo para destacar é a intervención de acondicionamento do inicio da ruta á saída da aldea de Guende, que presenta unha pista de grande anchura que eliminou o camiño orixinal e supón un impacto visual degradante do medio. As outras rutas activadas desde o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés son de grande interese e supoñen unha intervención correcta polo tipo de percorrido e a forma de información ofrecida sobre o terreo e en forma de folletos no centro de visitantes do parque. En termos

xerais, o que si nos atopamos é en determinados puntos (p. ex. Portela do Home) unha acumulación de paneis que dificilmente poden cumprir a súa función informativa (ata dez nun raio de 10 m) e de pobre valor en moitos casos. Nesta ocasión si atopamos actividades complementarias no parque ligadas a unha empresa de sendeirismo e as actividades do Centro de BBT Serra do Xurés.



Imaxes 4, 5, 6. Tres exemplos de degradación: Cenlle (esq.), vistas desde o camiño a pé da autovía. Bande (der.), pista para vehículos de motor chea de entullo. Lobios (inf), ampliación do camiño do Foxo do Lobo en Guende. Fotografías: David Casado-Neira (CC BY-NC-SA)

Aínda que non é unha cuestión específica destes tres concellos, deles podemos facer un diagnóstico frecuente a outros moitos da xeografía galega. Isto manifesta que é preciso avanzar na concepción da promoción do patrimonio natural e pór en funcionamento iniciativas consecuentes con obxectivos declarados e consistentes. Os aspectos fundamentais para ter en conta no deseño de iniciativas son: (i) pensalas para a actividade para a que se deseñan e desde a perspectiva das persoas usuarias destas, que as rutas propostas cumpran requisitos de interese e de atractivo en si (non só do destino final ao que dan acceso); (ii) que estean nun bo estado de conservación (así como os puntos de interese para visitar) e sexan accesibles, que se leve a cabo un mantemento regular; (iii) que ofrezan unha información relevante e de utilidade para a ruta; (iv) que esta estea actualizada e sexa facilmente accesible (e onde os elementos informativos non teñan un impacto visual negativo), consistente entre os diferentes soportes, e que se coordine a información das rutas entre os diferentes promotores (concello, Inorde, Xunta, Ministerio); (v) diversificar a oferta para diferentes tipos de actividades (camiñadas, carreiras, BBT, equitación...); e fundamental (vi) que as intervencións non teñan un impacto ambiental e paisaxístico negativo, nin sobre o propio patrimonio.

5. Presenza e accesibilidade en internet

Cada vez con maior frecuencia, somos moitos e moitas as que optamos por organizar a nosa propia viaxe, facéndoo á nosa medida, e fuxindo de viaxes organizadas. Hai un sen fin de aspectos que debemos preparar (desprazamento, aloxamento, lugares que visitar...), organizarse é fundamental para decidir que facer no destino. Un dos recursos empregados para coñecer o destino é a través da información que aparece na rede. Así, internet estase a converter nunha importante fonte de información para inspirarse, buscar e planificar as viaxes, a través tanto de webs oficiais coma privadas. Ademais de reservar viaxes, aloxamento, buscar información para coñecer o destino, preparar as visitas, as actividades que se desenvolverán..., axúdanos a xestionar a nosa viaxe. Estamos entón a falar de visitantes dixitais. É evidente, por tanto, que a información en liña desempeña un papel importante para difundir os destinos turísticos, porque o/a visitante dixital atopa en internet a súa ferramenta de traballo.

Neste contexto parecía de interese analizar se o patrimonio existente nos concellos de Bande, Cenlle e Lobios estaba visibilizado e posto en valor en internet. Ao ser o turismo termal un turismo en auxe nos últimos tempos, nesta investigación preten-

demos comprobar que información patrimonial estaba recollida en diferentes webs que lles facilitasen a visitantes completar o uso termal con outras opcións patrimoniais presentes na zona, é dicir, afondar no tratamento que se lle dá ao patrimonio destas zonas nun medio actualmente de consulta masiva, con tanto impacto turístico como é internet. Así, definimos como obxectivo identificar e analizar a información turística en liña dispoñible nesas concellos.

A procura centrouse nas webs municipais, entendidas como unha carta en liña de presentación dos concellos, e completouse coa información doutras webs: Deputación de Ourense, Inorde, Turgalicia, Termas Ourense e Tripadvisor. Metodoloxicamente optouse por unha opción cualitativa baseada nunha análise de contido das diversas webs consultadas, dende un enfoque descritivo e interpretativo.

5.1. Sitios dos concellos

Respecto a como se presentan os contidos orientados ao turismo, maniféstanse diferenzas importantes. Por unha banda, en dúas webs figura unha categoría específica baixo a denominación de turismo, mentres que no Concello de Bande esta información aparece recollida en diferentes epígrafes con entradas na páxina principal, agrupadas en «Coñece Bande». Estas seccións son relativas tanto a aspectos patrimoniais coma a contidos de restauración, gastronomía, festas..., completadas con enlaces a imaxes. Opcións diferentes son as elixidas polos concellos de Cenlle e Lobios, que ofrecen na entrada principal unha sección de turismo, con dúas entradas en Cenlle e sete en Lobios, e unha delas relativa ao termalismo. Si hai que aclarar que en Lobios o acceso a catro das sete entradas non contén información, indicando «proximamente». En relación coa actualización das páxinas tomando en conta as últimas entradas, obsérvanse diferenzas na actualización dos contidos. Bande e Cenlle son páxinas actualizadas, e esta información está orientada fundamentalmente á veciñanza dos respectivos concellos; pola contra, no Concello de Cenlle a información non está actualizada. Non obstante, comprobouse que o recurso empregado en todos os concellos para anunciar as novas e manter ao día a poboación é o Facebook municipal, actualizado nos tres concellos, cunha comunidade de seguidores que van dende os 1004 de Lobios aos 2611 de Cenlle. En Twitter só está activo o Concello de Cenlle (con 454 seguidores).

5.2. Sitio da Deputación de Ourense

A Deputación de Ourense, como organismo provincial presenta dúas ligazóns: (i) Ourense a provincia termal. Programas sociais de balnearios e (ii) Ourense é a provincia termal. A primeira das ligazóns refírese ao Programa de termalismo social 2018, coa presentación de catro programas de balnearios: programa estancias, programa estancias con Renfe, programa terapéutico e programa cultural. A web «Ourense é a provincia termal» lévanos a dúas ligazóns no que se refiren ambos os estudos elaborados por Crecente Asociados, un deles denominado Diagnóstico Termal, con máis de 200 páxinas, estruturado en dez bloques, e un deles é o inventario de patrimonio balneario e outro o inventario de recursos naturais, culturais e turísticos complementarios. No inventario de patrimonio balneario inclúese para cada recurso identificado unha ficha que contén información variada: nome, localización, coordenadas GPS, contacto, tipo de recurso (manancial/fonte, poza, casa de baños, novos proxectos termais, balnearios e hotel balneario), ademais de contidos específicos sobre a auga, tipo de auga, caudal, temperatura, indicacións, aplicación... Para os concellos que nos ocupan aparecen recollidos catro recursos, dous na categoría de hotel balneario e os outros dous na de pozas.

5.3. Sitio do Inorde

Na busca por concellos que permite esta páxina, en información turística, identificamos catro entradas: como chegar, xeografía, historia, que ver, onde comer e onde durmir. En que ver os contidos presentados son de tres tipos: monumentos, museos e natureza. En monumentos, no concello de Bande figuran 25 entre capelas, cruceiros, igrexas, petos e restos arqueolóxicos, incluídos a igrexa de Santa Comba de Bande, a igrexa de San Pedro de Bande e o Aquis Querquennis. En Cenlle rexístranse dez propostas, con alusión directa ás augas termais de Laias, e Lobios conta 23 recomendacións, incluíndo a igrexa de San Miguel de Lobios ou os restos arqueolóxicos Aquis Originis en Río Caldo. En museos, unicamente Bande contén o centro de interpretación Aquis Querquennis (Porto Quintela) e o Museo de Iconos de Santa Comba. E finalmente, en natureza, todos os concellos inclúen as mesmas suxestións, polo que se trata de propostas escasamente contextualizadas a cada concello e son as seguintes: Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, Bidueiral de Montederramo, Parque Natural do Invernadoiro, Parque Natural Serra da Enciña da Lastra, Pena Trevinca, Souto de Rozavales, Veiga de Ponteliñares, Canón do Sil (Ribeira Sacra) e Macizo Central.

5.4. Sitio de Turgalicia

Dende a interface de inicio podemos acceder a «Que facer», «Que visitar» e «Planifica a túa viaxe». Esta última permite procuras adaptadas aos intereses máis persoais; en «Que visitar» non figura ningunha recomendación localizada nestes concellos e en «Que facer» introdúcese unha sección «Turismo de Saúde-Mananciais de Galicia», na que destacan que Galicia é o principal destino termal de España, xa que conta con máis de 300 mananciais, e deseguido presentan diferentes experiencias termais; un total de dez, unha delas é de Cenlle a Punxín e San Amaro, e outra de Bande a Lobios. Relativo á oferta patrimonial e de natureza dos tres concellos, os recursos patrimoniais son numerosos –28 en Bande, 10 en Cenlle e 24 en Lobios–, incluíndo igrexas, cruceiros, petos de ánimas, pazos, xacementos...; mentres que os de natureza son máis escasos, catro en Bande e Lobios. Se atendemos ás augas termais, no concello de Cenlle recollen as augas termais de Laias categorizada como fonte-pozo e en Lobios o xacemento, restos arqueolóxicos romanos e Baños de Riocaldo.

5.5. Sitio de Termas Ourense

Declárase como unha web independente, que non depende nin está asociada a ningún organismo oficial. Está fundamentalmente orientada á busca de aloxamentos. Incorpora sete seccións: termas gratis, termas, balnearios, hoteis *spa*, hoteis Ourense e turismo en Ourense. Referido aos concellos de análise, están incorporados en termas gratis as termas de Cenlle e na categoría de hotel balneario o Hotel Balneario de Laias e o de Lobios.

5.6. Sitio de Tripadvisor

Tripadvisor é unha plataforma turística de ámbito mundial, que nos permite coñecer opinións doutros/as visitantes, sobre establecementos para aloxarse, comer, transporte, así como que cousas facer. Ademais permite que reservar dende a propia plataforma. Se facemos unha busca por concellos, achega acceso a seis categorías: aloxamentos, alugueiros de vacacións, voos, que facer, restaurantes e foros. Se limitamos esta procura aos concellos de Bande, Cenlle e Lobios, no primeiro propóñense tres alternativas, en Cenlle unha e en Lobios dúas. Se nos centramos nas augas termais, observamos que quedan recollidas no concello de Bande (baños romanos) e en Lobios, o hotel balneario.

6. Conclusións

O valor do medio e os abrollos son elementos simbióticos, as zonas de influencia son dun valor turístico aínda case por descubrir e explotar, e sempre ligados ao paisaxístico, co que aquí habería opcións de creación dunha imaxe de marca consistente que agrupase todos os elementos baixo unha mesma concepción ao abeiro das augas que determinan a súa singularidade.

O Plan Ourense, a Provincia Termal 2014-2020 recolle a folla de ruta para seguir na provincia, con cen propostas que xiran ao redor de cinco eixes de actuación: mellorar a organización dos recursos termais, as infraestruturas para acceder a este destino, o deseño de novos produtos, impulsar o coñecemento da riqueza termal desta terra e mellorar os mecanismos para promover este produto tanto no ámbito nacional coma internacional. O obxectivo do plan é poñer en valor turístico os recursos termais, naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta e os servizos de tal modo que conduzan á creación do destino «Ourense, a provincia termal».

Con respecto ao patrimonio cultural queda claro que non hai unha estratexia coherente de xestión patrimonial de cara á difusión e posta en valor como recurso da maior parte dos bens. Aínda que hai boas accións, non hai unha coordinación en todas elas, o que supón, ao noso xuízo, un ruído que deturpa a posibilidade de encaixar o gozo patrimonial coa actividade termal.

No tocante ao patrimonio natural atopámonos cunha situación contraposta, aínda que nas iniciativas tomadas dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, dependente da Xunta de Galicia, estase levando a cabo unha acción de ampliación das rutas, adecuación de camiños, mantemento e un programa de información consistente, a realidade no ámbito dos concellos é diferente. Nos tres casos as posibilidades que ofrece a contorna para actividades deportivas nun medio natural son claramente desaproveitadas, e así a súa posta en valor é deficitaria –tanto o que ten que ver coa súa planificación, mantemento e difusión–. Coas intervencións nas cales se lles dá máis importancia á realización de infraestruturas e elementos sinaléticos ca ao seu mantemento e adecuación para as actividades correspondentes, ponse en perigo o seu potencial turístico. Aquí, en moito casos, destaca máis o desempeño de exhibición promocional ca a presentación dunha información relevante e oportuna.

Na presenza en internet caben destacar os seguintes puntos: 1. Dificultade para a identificación das webs nas cales atopar información, particularmente desde un punto

de vista de promoción turística; 2. Variabilidade e diferenzas nas informacións ofrecidas por cada web sobre un mesmo punto; 3. Reducida accesibilidade á información turística, dificultando o achegamento a ela; e 4. Escasa presenza das augas termais como reclamo turístico.

A presente análise déixanos un sabor agridoce na boca, onde cabe destacar o esforzo realizado para poñer no mapa do turismo os tres concellos e as intervencións destacables, pero nas que hai que establecer formas de actuación máis consecuentes e de maior calidade con respecto á difusión, promoción, mantemento e aproveitamento dos recursos, máis coordinadas entre os diferentes axentes, e cunha xestión integral como destino turístico.

7. Referencias

- [1] Braña, F. (2015). Magia, relixión y vida. Apuntes de la literatura etnográfica sobre el agua termal en Galicia. En J. M. Faílde *et al.* (eds.), Libro de actas del I Congreso Internacional del Agua «Termalismo y Calidad de Vida», Ourense, 23-24 de setembro de 2015 (pp. 463-469). Ourense: Universidade de Vigo. Dispoñible en: http://cidat.webs.uvigo.es/docs/Libro_Actas_CIDAT.pdf.
- [2] Fidalgo, X. A. (1995). Hacia una integración de los sistemas médicos: utilización del agua en las prácticas de medicina tradicional y medicina natural. Cuaderno de Estudios Gallegos, (106), 405-438.
- [3] Bouza, F. (1982). Etnografía y folklore de Galicia. Vol. 1. Vigo: Xerais.
- [4] Braña, F. (2015). Entre el ocio y la salud: espacios termales de recreo en la provincia de Ourense. En J. M. Faílde *et al.* (eds.), Libro de actas del I Congreso Internacional del Agua «Termalismo y Calidad de Vida», Ourense, 23-24 de setembro de 2015 (pp. 527-529). Ourense: Universidade de Vigo. Dispoñible en: http://cidat.webs.uvigo.es/docs/Libro_Actas_CIDAT.pdf.
- [5] Braña, F., Casado-Neira, D. e Dapía, M. (2019). Las zonas grises del «termalismo posibilista»: las charcas termales de la provincia de Ourense [en prensa].
- [6] Braña, F., Casado-Neira, D. e Dapía, M. (2018). Usos e patróns nas áreas termais da provincia de Ourense como topías. En M. E. de Blas, V. Rodríguez e X. A. Vila (coords.), Proxectos INOU 2017. Investigación aplicada na provincia de Ourense (pp. 25-43). Ourense: Universidade de Vigo.
- [7] IGE [Instituto Galego de Estatística] (2018). Información estadística por tema. Dispoñible en: <https://www.ige.eu>.

- [8] Ramírez, A., Rial, M. E. e Ramírez, A. (2007). Las aguas minero-medicinales de Galicia: un patrimonio geológico singular. *Re Metallica*, (8), 49-64. Disponible en: <https://www.radoctores.es/doc/1V11N2-ramirez%20ortega-aguasmineromedicinales.pdf>.
- [9] Crecente, A. (2015). Turismo termal en España. Madrid: Fundación EOI. Disponible en: <http://a.eoi.es/turismotermal>.
- [10] Martínez, V., Sánchez, E., Mahauad, M. D. e Altamirano, A. (2016). Análisis de los modelos de gestión de turismo termal de Galicia, norte de Portugal y Ecuador, en los medios sociales. En J. M. Faílde *et al.* (eds.), Libro de actas del I Congreso Internacional del Agua «Termalismo y Calidad de Vida», Ourense, 23-24 de setembro de 2015 (pp. 475-484). Ourense: Universidade de Vigo. Disponible en: http://cidat.webs.uvigo.es/docs/Libro_Actas_CIDAT.pdf.
- [11] Deputación de Ourense (2012). Plan Ourense 92. Plan de gestión y estrategia operativa de la Diputación de Ourense 2012-2015. Ourense: Deputación de Ourense. Disponible en: http://www.depourense.es/phocadownloadpap/Plan92/plan_ourense92_es.pdf.
- [12] Santos, X. M. (2012). Los turismos de interior en Galicia. Balance y perspectivas. *Polígonos*, (23), 213-234. <http://dx.doi.org/10.18002/pol.v0i23.541>.